



Os Bolechas son desde fai 14 anos a revelación editorial en Galicia e son, á súa vez, os protagonistas da máis importante e afamada serie da nosa literatura infantil. Con máis de 400 títulos publicados e preto de 1.500.000 exemplares distribuídos, causan furor e contan cunha verdadeira lección de seguidores entre os máis pequenos.

O salto do papel á televisión hai case dous anos converteunos nun auténtico fenómeno cultural galego, un éxito que o seu creador, Pepe Carreiro, atribúe á proximidade dos personaxes e as historias achegadas á realidade cotiá das nenas e nenos galegos: a escola, a casa, o parque... Esta proximidade, a súa linguaxe e a súa forma de expresarse fan que os nenos se sintan cómplices e co-protagonistas das súas aventuras.

Pero ademais, Os Bolechas son cultura raíz e contribúen á divulgación e á formación, mediante o pracer e o divertimento, e todo iso desde Galicia e en galego, polo que están a xogar un destacado papel na promoción e difusión do idioma, ao que moitos pequenos se achegan por vez primeira grazas a estes seis irmáns.

Asemade, Os Bolechas teñen outra serie de variantes: animacións de rúa, espectáculos en teatros, mercadotecnia, materiais didácticos e mesmo unha colección de xoias, que contan co distintivo de Galicia Calidade. E todo cunha gran aceptación por parte do público.

Os Bolechas e O Sabichón

A todo isto súmase agora unha **nova proposta lúdica e didáctica**, para **fomentar a lingua galega** nos máis cativos, así como o coñecemento en xeral. Trátase da actividade “Os Bolechas e O Sabichón”, unha iniciativa que forma parte da **Rede de Dinamización Lingüística (RDL)** no marco do programa **FalaRedes 2014** da **Secretaría Xeral de Política Lingüística**.

Pensada para **nenas o nenos de 3 a 9 anos** e para as súas familias, a actividade está ideada a modo de concurso cun miniteatro que abre e pecha cada sesión. Os Bolechas preséntanse en forma de monicreques manipulados por actores á vista, modalidade novidosa en Galicia utilizada tamén este Nadal no espectáculo *Os Bolechas cantan con Lady Vina*, e a temática xirará tamén arredor dun concurso no que participan Os Bolechas e que acabará como adoitan rematar as aventuras destes irmáns.

O contrapunto porao O Sabichón, o presentador do concurso, uno personaxe un pouco prepotente e, como o seu nome indica, moi “listiño”, que estará tamén na parte central da actividade, o propio concurso no que participarán as nenas e nenos presentes no auditorio.

Para participar formaranse dous equipos, cada un liderado por un Bolecha, que terán que enfrontarse a unha serie de preguntas e probas moi divertidas para demostraren coñecementos e habilidades, todo nun divertido set creado en exclusiva para o concurso.



Especificacións técnicas

Actividade lúdica e didáctica para a promoción e difusión da lingua galega

Recomendada para nenas e nenos de 3 a 9 anos

Duración aproximada de 60 minutos

A actividade é de acceso libre e gratuíto

Formato de proximidade cun máximo de 100 nenos/as con acompañante (200 persoas de capacidade máxima)

A actividade desenvolverase sempre en espazos pechados de cesión pública axeitados para a realización do evento e accesibles a persoas con dificultades de mobilidade

O formato da actividade é adaptable aos distintos espazos nos que se teña que representar

A posta en marcha da actividade, no referente a cuestións técnicas (montaxe, son...), corre a cargo da empresa promotora

O concello encargarse tan só da xestión do lugar da representación (apertura de portas, acomodación do público etc.)

Os personaxes preséntanse en forma de monicreques manipulados por actores á vista

Os monicreques axústanse ás características técnicas (mobilidade, formas redondeadas...) axeitadas á franxa de idade do público obxectivo

Edicións Bolanda posúe en exclusividade os dereitos de autoría e/ou explotación e de reprodución dos Bolechas e da actividade "Os Bolechas e A Sabichona"



www.osbolechas.com

Séguenos en:

